

MEMORIA DE ACTIVIDADES

2022


MEMORIA DE ACTIVIDADES



Santiago, a 30 de novembro do 2022

O FORO





FOROESGAL

Foro pola Economía Social Galega

QUE É O FORO

O Foro pola Economía Social Galega é un espazo de encontro entre entidades da economía social galega, portavoz das súas demandas e propostas e un actor principal que favorece o impulso, visibilidade e recoñecemento da Economía Social como motor de xeración de emprego, democracia económica, sustentabilidade, desenvolvemento rural e distribución de riqueza en Galicia.

Entre os seus obxectivos figuran o de visibilizar e representar a economía social ante a sociedade galega e ante o resto de axentes políticos, económicos e sociais e favorecer o desenvolvemento destas entidades a través da intercooperación e o acceso a procesos de contratación pública.

MISIÓN:

O Foro pola Economía Social Galega é unha iniciativa socio-empresarial representativa da Economía Social en Galicia, lugar de encontro das distintas familias que a componen e portavoz das súas demandas e propostas, ao tempo que actor principal para favorecer o impulso, visibilidade e recoñecemento da Economía Social como motor de xeración de emprego, democracia económica, sustentabilidade, desenvolvemento rural e distribución de riqueza en Galicia.

VISIÓN:

O Foro pola Economía Social Galega aspira a ser a entidade de referencia no ámbito da Economía Social en Galicia, con vocación de influencia na sociedade e de transformación social, consolidando os valores e principios da Economía Social, fomentando a intercooperación entre as distintas familias que a componen, colaborando na consecución dunha economía baseada na primacía das persoas, o desenvolvemento sostible e a responsabilidade social.



II edición Cafés con aroma a Economía Social

VALORES:

Os principios que rexen e enmarcan as actuacións do FORO son os seguintes:

- a) Carácter aberto as entidades que forman parte da economía social, en especial as súas entidades representativas e preferentemente ás que desenvolven unha actividade empresarial ou vinculada ao mercado, se ben a adhesión deberá ser aprobada formalmente polas entidades membros.
- b) Enfoque non partidario.
- c) Orientado a compartir obxectivos a prol da economía social e adesenvolver estratexias aprobadas democraticamente polos seus membros.
- d) Concibido como marco de cooperación sen personalidade xurídica propia.
- e) Voluntario, manifestándose a solicitude de admisión mediante acordo ou adhesión expresa ao manifesto e documento base, debendo ser a adhesión aprobada formalmente tal e como se fai constar no apartadoa).
- f) Flexible, tanto nos seus contidos como no seu funcionamento.

- g) Coordenado e relacionado con outros foros ou consellos onde se compartan obxectivos, tanto a nivel galego como estatal, así como con outros marcos de cooperación semellantes.
- h) Financiado mediante achegas monetarias ou en especie das entidades que formen parte, liñas de axudas públicas ou privadas, doazóns ou calquera outra fonte admitida en dereito e que non entre en contradición cos seus principios e valores.


Os valores que defende este Foro e que se lle demandan as entidades que formen parte, son os propios da economía social:

- Primacía das persoas e do fin social sobre o capital.
- Xestión democrática, transparente e participativa.
- Cooperación entre as empresas da Economía Social.
- Promoción da equidade e da solidariedade interna e coa Sociedade.
- Promoción da sostibilidade e a mellora ambiental.
- Reinvestimento de excedentes xerados con carácter irrepartible e/ou ausencia de ánimo de lucro.

ENTIDADES ASOCIADAS:

O Foro aglutina ás entidades que conforman as organizacións máis representativas das diferentes familias empresariais da economía social en Galicia:

- AEIGA: Asociación de Empresas de Inserción de Galicia.
- AESGAL: Agrupación Empresarial de Sociedades Laborais de Galicia.
- AGACA: Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias.
- CEGASAL: Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro.
- ESPAZOCOOP: Unión de Cooperativas Galegas.



VISIBILIDADE



ACTIVIDADES

Para a realización desta Memoria partiremos dos tres obxectivos estratéxicos que ten o Foro e dentro de cada un identificaremos e analizaremos as actuacións realizadas.

1. Visibilizar a Economía Social perante a sociedade e os principais axentes económicos.
2. Representar os intereses da Economía Social perante os principais axentes políticos, económicos e sociais.
3. Xerar condicións para o desenvolvemento das entidades de Economía Social galegas a través da intercooperación e o acceso aos procesos de contratación pública.

1. VISIBILIZAR A ECONOMÍA SOCIAL PERANTE A SOCIEDADE E OS PRINCIPALES AXENTES ECONÓMICOS

Un dos principais retos que afronta o FORO é o de dar máis visibilidade e recoñecemento ao peso e importancia cuantitativa e cualitativa das entidades de Economía Social nos sectores produtivos e económicos e o seu papel no mantemento de empregos de calidade, distribución da riqueza, implicación co contorno, acceso da muller a postos de responsabilidade, integración laboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión, mantemento das rendas e poboación rural etc.

Neste senso, asínase un convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e o Foro pola Economía Social Galega para visibilizar e fomentar a participación da economía social galega durante todo o ano 2022.

En atención ao compromiso SEGUNDO establecido no convenio de colaboración coa Xunta de Galicia: "*Difusión e visibilización da economía social*" mediante o desenvolvemento de accións de difusión da economía social ante os principais axentes económicos e sociais de Galicia deseñáronse as seguintes accións e actividades:

1.1

Elección de Santiago de Compostela como Capital Española de la Economía Social 2022

A ministra de Traballo e Economía Social e vicepresidenta segunda, Yolanda Díaz anunciou, en febreiro, a elección de Santiago de Compostela como **Capital Española da Economía Social en 2022**, resultado da solicitude efectuada ao respecto en 2021.



Esta designación serviu para reforzar o importante papel que xoga este sector na autonomía galega, servindo de perfecto escaparate para amosar o que se está facendo en Galicia en materia de ES aproveitando que este ano tamén é Ano Santo Xacobeo.

Esta circunstancia permitiu amplificar a repercusión mediática das accións desenvolvidas e serviu para dar un maior impulso na visibilización da Economía Social.

1.2

Acto Mulleres na Economía Social

O 7 de marzo participamos no acto **Mulleres na economía social** organizado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade onde se puxo de manifesto o peso da perspectiva feminina na ES como evidencia o dato de que en 2021, o 50,79% das cooperativas foron promovidas por mulleres.



1.3 Aniversario CEGASAL

O ForoESgal foi convidado á gala de celebración do **25 Aniversario de CEGASAL**, celebrada en Ourense o 4 de marzo, ao que asistiron destacadas personalidades do mundo político e empresarial e onde entregamos un premio.

1.4 10º Aniversario Lei da Economía Social

O 17 marzo acudimos á conmemoración do **décimo aniversario da Lei da Economía Social** desenvolvido no Centro Reina Sofía de Madrid organizado por CEPES coa colaboración do Ministerio de Trabajo y Economía Social.



No evento déronse cita os máximos representantes políticos a nivel estatal, autonómico e internacional responsables do impulso da ES.

1.5 Premios Zona Franca

O 20 de abril asistimos como convidados á entrega dos Premios Ardán, organizada pola Zona Franca en Vigo. Ao evento acudiron trescentos representantes do mundo empresarial, económico, social e político. Asinouse un convenio para a incorporación de entidades de economía social á base de datos ARDÁN.

1.6 Xornada Mujeres de Cooperativas: Búsqueda de Nuevas Oportunidades en el ámbito de la Economía Social

O ForoESgal participou activamente nas actividades desenvolvidas no marco da Xornada "Mujeres de Cooperativas: Búsqueda de Nuevas Oportunidades en el ámbito de la Economía Social", organizada por Cooperativas Agro-alimentarias de España e AGACA o 21 de abril en Compostela.



Participamos como relatores na mesa redonda "A igualdade nas empresas da economía social: cooperativas agroalimentarias".

1.7 Asemblea xeral

O 4 de maio desenvolveuse a **Asemblea Xeral Ordinaria** do ForoESgal.

Ademais da aprobación das contas, detallouse o Plan Operativo asentado nos mesmos retos estratéxicos que no 2021 destacando a facilitación en Santiago de Compostela, da capitalidade española da Economía Social, o deseño dunha exposición da historia da ES galega, a elaboración dun Estudo do impacto socioeconómico da ES e desenvolvemento da secretaría técnica do ESER 2022.



Acordouse impulsar a elaboración da II Estratexia Galega de Economía Social, dinamizar o encontro dos gobernos de Murcia e Galicia en materia de ES, dinamizar a participación no Consello da ES de Galicia e o traballo no Consello Económico e Social de Galicia e consolidar a interlocución coa Administración.

Para facilitar a intercooperación, acordouse a creación de distintos grupos de traballo en materia de xestión de residuos e economía circular, de economía dos coidados e de comunidades enerxéticas.

1.8 Presentación do Informe do Impacto Socioeconómico da ES galega

A economía social (ES) contribúe a un crecemento inclusivo e á redución das desigualdades, presentando máis estabilidade do emprego, niveis salariais superiores e menor dispersión salarial. Así se desprende das conclusión reflectidas no **Primeiro Estudo sobre o Impacto Socioeconómico dos Principios e Valores da Economía Social Galega** encargado por ForoESgal e presentado o 4 de maio en Santiago de Compostela.



O informe constata que os beneficios totais netos (directos e indirectos) que achegan á sociedade os principios da ES galega cifranse en 851,2 millóns de euros anuais.

O evento contou co apoio de Cajamar, CaixaRural Galega e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

1.9 Asembleas entidades participantes

Previamente á presentación do Informe do Impacto Económico da ES galega, desenvolvérónse as correspondentes edicións das **Asembleas Xerais** das entidades que conforman o Foro.

1.10 Presentación do Manifesto da Economía Social



O 6 de xuño, na sede da Fundación Laboral da Construcción en Santiago de Compostela, participamos na presentación do Manifesto en favor da Economía Social, organizado polo concello de Santiago e o Ministerio de Traballo e Economía Social.

O texto repasa os valores e principios que rexen este modelo económico.

Ao evento asistiron, ademais da vicepresidenta segunda e ministra de Traballo e Economía Social, Yolanda Díaz; Xosé A. Sánchez Bugallo, alcalde de Santiago de Compostela; Diego Calvo Pouso, vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia de Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia; María Jesús Lorenzana, conselleira de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia; Maravillas Espín Sáez, directora xeral de Traballo Autónomo, Economía Social y RSE, do Ministerio de Traballo y Economía Social; Covandoga Toca Carús, directora xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia; José Miñones, delegado do Goberno ou Juan A. Pedreño, presidente de CEPES, entre outros.



Ademais desenvolveuse un acto de homenaxe a dúas figuras históricas da economía social galega: José Montes e José A. Vázquez.

1.11 Encontro empresarial Delegación Gobierno- Vicepresidencia Primeira e Ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital

O 10 de xuño fomos convidados ao encontro mantido entre empresarios galegos na sede de Abanca de Santiago de Compostela coa vicepresidenta primeira e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital para expoñer a evolución do Plan de Recuperación e os PERTES por parte da Delegación do Goberno.



1.12 Día do Cooperativismo Galego

O 2 de xullo desenvolveuse o **Día do Cooperativismo Galego** en Santiago de Compostela. Alí estivemos representando á economía social de Galicia.



1.13 XV Aniversario Lei 44/2007. AEIGA

O ForoESgal foi convidado ao evento organizado por AEIGA en Santiago de Compostela, o 7 de outubro, con motivo do **XV Aniversario da Lei 44/2007** que reuniu a representantes de empresas de inserción de todo o Estado.

Participaron empresas de Canarias, Asturias, Murcia, Madrid, Andalucía, Aragón, Castela A-Mancha, Castela León, Cantabria, Estremadura, A Rioxa, Comunidade Valenciana, Navarra, País Vasco, Illas Baleares e Cataluña.



1.14 Presentación Informe "A Economía Social en España en cifras" e CIRIECSTAT

O 20 de outubro, na Fundación Laboral da Construcción en Galicia en Santiago de Compostela participamos no evento de presentación do **Informe: 'A Economía Social en España en cifras'**, e de lanzamento do novo Portal estatístico da Economía Social en España CIRIECSTAT.



O informe ofrece os datos dispoñibles más actualizados sobre a ES en España e nas comunidades autónomas, así como cifras concretas por familias. Na súa redacción participaron máis de 40 expertos de institutos e centros de investigación en Economía Social de 16 universidades.



CIRIECSTAT nace "co gran obxectivo de implantar un sistema de recompilación e producción de estatísticas da Economía Social, nun repositorio e máis adiante nunha base de datos que agrupe, depure e publique nun portal único, de forma permanente e continuada, e con criterios metodolóxicos da contabilidade nacional, homoxéneos e comparables, as diferentes estatísticas da Economía Social en España."

O evento foi organizado polo Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP) da USC.

1.15 I Día da Economía Social Galega

O 2 de novembro celebrouse a **I edición do Día da Economía Social Galega**, en Santiago de Compostela. Unha xornada dirixida a reivindicar e visibilizar a importancia e gran achega que supón a economía social á xeneralidade da sociedade.



Desenvolvéronse tres mesas redondas e 5 grupos de traballo. A primeira mesa centrouse nas singularidades da ES e as sinerxías no territorio, a segunda, na consideración da ES como unha oportunidade para crecer e a terceira, moderada pola xornalista da TVG, Irene Lourido, onde o cineasta Oliver Laxe comentou as experiencias vividas arredor da rodaxe da reportaxe da gandería heroica dos Ancares, unha nova forma de visibilización da ES.

Os grupos de traballo articuláronse arredor da agroalimentación, as industrias culturais, as comunidades enerxéticas, a economía dos coidados e a circular e de xestión de residuos. Organizouse tamén un showcooking, a cargo da cociñeira Estrella Michelin, Lucía Freitas e houbo actuacións musicais a cargo de Silvia Penide e Zeltia Irevire.

1.16 Aniversario CEGASAL

O ForoESgal foi convidado ao **25 Aniversario de CEGASAL** ao que asistiron destacadas personalidades do mundo político e empresarial entre os que se atopaba o, naquel momento, presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo.

1.17 Semana Universitaria

Centros, institutos e outras estruturas universitarias de investigación en Economía Social en España e a nivel internacional celebraron na última semana de marzo a **3ª Semana Universitaria da Economía Social**. Un compendio de actividades programadas en universidades de toda España, co obxectivo de dar a coñecer a intensa actividade docente e de investigación universitaria sobre o sector das cooperativas, sociedades laborais, mutualidades, empresas sociais e terceiro sector de acción social.

ForoESgal participou nos actos desenvolvidos na Facultade de Económicas Santiago de Compostela presentando a experiencia de catro entidades galegas vinculadas á ES. Mantemos unha comunicación fluída cona Universidade para fomentar a inclusión da ES na oferta curricular e na creación de programas de posgrao en ES.



1.18 Exposición da historia da economía social

Deseñouse unha exposición itinerante que reflexa a historiada economía social a través das súas organizacións, líderes e impacto producido. Conta como a Economía Social —nos seus diversos formatos— está presente na nosa historia sendo parte fundamental.

As mensaxes básicas e subxacentes a transmitir son:

- A Economía Social como elemento presente na historia de Galicia e na construcción da realidade actual.
- A existencia de diversos formatos de ES, case sempre vinculables a unfenómeno histórico ou cunha traxectoria consolidada e con incidencia nos procesos do pasado.
- Divulgación dos valores da economía social.
- O espírito da ES como elemento subxacente nalgúnhas figuras moi arraigadas da nosa tradición social (axudas mutuas, muíños de herdeiros, comunidades de augas...)
- A ES como realidade moi presente na vida cotiá de moitos galegos e galegas.

O relato usa a historia e os seu procesos como ferramenta para sacar á luz e amosar a estreita relación dos formatos da Economía Social co noso pasado e con procesos e fenómenos que axudaron a conformar a realidade que hoxe coñecemos e como áinda nos nosos días continúan estando presentes no noso día a día e establecendo as súas conexións co tecido actual.

1.19 Comunicación

Atendendo ao compromiso SEGUNDO establecido no convenio de colaboración coa Xunta de Galicia "*Difusión e visibilización da economía social*" e, en concreto, impulsando as accións de comunicación dirixidas a incrementar e reforzar o acceso a información sobre o sector por parte da poboación en xeral, promovemos a comunicación das accións desenvolvidas dende ForoESgal e incluso das entidades que a conforman a través da web e das redes sociais, ademais da elaboración de diversas notas de prensa.

Actualmente dispoñemos de contas en Facebook, Twitter, Instagram, YouTube e Linkedin Ata o momento focalizamos os nosos obxectivos nas dúas primeiras principalmente e, dende mediados do ano, estamos a impulsar tamén Instagram .

Co fin de incrementar os seguidores nas redes sociais, manter contidos actualizados e dispor dunha programación de contidos contratáronse os servizos externos dunha empresa especializada. Por outra banda, para a elaboración de notas de prensa e facilitar a relación cos medios de comunicación, contratáronse os servizos dunha xornalista profesional.

Seguimento das RRSS en 2022 (ata novembro).

Canle	Usuarios/seguidores
• Web	• 1376 visitas
• Facebook	• 557
• Twiter	• 266
• Linkedin	• 194
• Instagram	• 227
• Whatsapp	• 38

Emitíronse 7 notas de prensa

- 16/02/2022 O Foro ve na elección de Santiago como capital española da economía social un recoñecemento a este sector en Galicia.
- 21/02/ 2022 O Foro e a Consellería de Emprego colaborarán para visibilizar a economía social coincidindo coa capitalidade de Santiago.
- 03/03/2022 A comisión organizadora de "Compostela, capital da Economía Social" celebra a súa primeira reunión en Santiago.
- 23/03/2022 O Foro fai gala do seu crecemento inclusivo na Semana Universitaria da Economía Social na USC.
- 22/04/2022 ForoESgal cifra en preto de 900 millóns de euros o impacto da economía social en Galicia.
- 04/05/2022 A economía social ofrece emprego máis estable e mellor pagado en Galicia.
- 12/07/2022 ForoESgal analiza con José Miñones os pormenores do Perte da Economía Social impulsado polo Goberno de España.

Os medios gráficos recollerón as novas en 43 ocasións, ademais de concertarse 4 entrevistas en televisión e internet e varias intervencións en radio.

Ver Anexo (Dossier de Medios)

REPRESENTACIÓN



2. REPRESENTAR OS INTERESES DA ECONOMÍA SOCIAL PERANTE OS PRINCIPAIS AXENTES POLÍTICOS, ECONÓMICOS E SOCIAIS.

2.1 Consolidar a interlocución coa Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación



Mantemos aberta unha fluída canle comunicativa coa Xunta de Galicia a través das diversas consellerías, especialmente coa de Promoción do Emprego e Igualdade, inclusive dous encontros coa conselleira, M^a Jesús Lorenzana.

Durante o 2022 mantivérонse xuntanzas coa **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade** nas que se abordaron diversas cuestións:

- 1) Reforzar as accións conxuntas ao longo do 2022 con motivo da designación de Santiago como capital española da ES.
- 2) Coordinación dun encontro telemático entre as consellerías Galicia-Murcia.
- 3) Proceso de consolidación da Rede Eusumo.
- 4) Modificación da Lei de economía social.

Mantivemos un encontro co conselleiro de Economía, Industria e Innovación, Francisco Conde, e con técnicos da consellería de Educación, Formación Profesional e Universidades para abordar o tratamiento nas unidades didácticas sobre ES nos centros educativos.

Realizouse unha rolda de xuntanzas e Mar; Medioambiente, Territorio e Vivenda e Política Social e Xuventude.

2.2 Interlocución e convenio co Concello de Santiago

Como parte integrante da comisión organizadora de “Compostela, capital da Economía Social”, ademais do Goberno español, Xunta de Galicia e Concello de Santiago de Compostela mantivemos diversas reunións de traballo co fin dotar de contido, programar e coordinar as actividades a desenvolver neste marco.

Consecuencia da capitalidade foi o incremento no número de actividades a desenvolver ao longo de todo o ano para o que se subscribiu un convenio co Concello co obxecto de reforzar e coordinar a comunicación.

2.3 CEPES

En atención ao compromiso PRIMEIRO establecido no convenio de colaboración coa Xunta de Galicia "*Reforzo da presenza da economía social de Galicia nos foros europeos e estatais*" consideramos de especial aliñar todas as nosas accións coas actividades de CEPES, de cara a xeración de economías de escala.

A través de CEPES, xestionouse a nosa solicitude de Santiago Capital Española da Economía Social.

2.3.1 Reunións de Xunta Directiva de CEPES

Tomamos parte na Asemblea Xeral de CEPES á que estivemos convidados, e tamén vimos participando con regularidade nas distintas reunións da Xunta Directiva de CEPES (Confederación Empresarial Española da Economía Social). En 2022 asistimos a catro, concretamente.



Precisamente no transcurso dunha das directivas fomos convidados á Moncloa para a presentación pública do PERTE de Economía Social.

Entre o 20 e 21 de setembro desenvolvérónse as xornadas de reflexión coincidindo cunha reunión de Xunta Directiva de CEPES.



2.3.2 33 Congreso ACI (Alianza Cooperativa Interanacional)

Desprazámonos ata Sevilla para participar na Asemblea Xeral da ACI. Asistiron máis de 700 cooperativistas ao evento organizado porla Confederación Española de Cooperativas de Traballo Asociado (COCETA).

2.4 Reunión na Delegación do Goberno

O 12 de xullo fomos convocados a unha reunión na Delegación do Goberno, co seu titular José Miñones.



A xuntanza sentou as bases dun diálogo que ambas partes confían en que sexa fluído e directo e que se plasmará na participación dos representantes da organización nos foros de debate que impulse a Delegación do Goberno en Galicia no que a temas económicos se refire.

2.5 Universidade

Mantemos a comunicación coa Universidade co obxecto de fomentar a inclusión da Economía Social na oferta curricular. Estamos traballando no deseño dalgún tipo de programa Máster en Economía Social, ao tempo que se está a estudar a realización dun estudo que determine a contribución da Economía Social ao PIB de Galicia.

2.6 Comunicación sistemática cos diferentes grupos parlamentarios:

De cara a ter unha interlocución de forma ordinaria, mantivemos unha reunión con Ana Pontón, portavoz do Bloque Nacionalista Galego e outra con Valentín González Formoso, secretario xeral do PSdeG, en abril e xuño respectivamente.



2.7 Establecer alianzas co resto de familias da economía social.

Mantivérонse xuntanzas para a organización do Día da Economía Social Galega e para actividades da capitalidade con EAPN, REAS, Comunidades de Montes, Confrarías de Pescadores, CERMI e INRED.

2.8 Consello Económico e Social de Galicia

Mantivemos unha reunión de avaliación da traxectoria mantida durante 2021 e presentáronse propostas para 2022. Ademais, contratamos unha consultora para a elaboración de informes quincenais sobre a actividade parlamentaria.

O obxectivo é lograr unha sistemática de identificación e achegas ás lexislacións que se presenten no CES, establecendo achegas internas e externas acordes ao grao de impacto da lexislación no sector da ES, incluíndo no informe do CES información relativa á ES.

2.9 Consejo para el Fomento de la Economía Social

O Foro participou na reunión do Consejo Estatal para el Fomento de la Economía Social desenvolvida nesta ocasión en Santiago de Compostela, o 28 de outubro, tras retomarse a actividade deste organismo que levaba máis de 11 anos sen reunións.

É un órgano asesor e consultivo para as actividades relacionadas coa economía social, integrado a través do actual Ministerio de Traballo e Economía Social na Administración Xeral do Estado, sen participarda estrutura xerárquica desta, e actúa como un órgano de colaboración, coordinación e interlocución da economía social e a Administración Xeral do Estado.



INTERCOOPERACIÓN



3. XERAR CONDICIÓNNS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ENTIDADES DE ECONOMÍA SOCIALGALEGA A TRAVÉS DA INTERCOOPERACIÓN ENTRE AS ORGANIZACIÓNNS SOCIAS.

Para que a Economía Social estea presente e se recoñeza o seu papel é vitalacadar influenza nos foros onde se toman decisións relacionadas coa elaboración de políticas públicas con incidencia a nivel xeral pero tamén especificamente en canto a emprego, educación, desenvolvemento rural etc.

Neste senso estanse a dedicar importantes esforzos en ser referente no diálogo político e institucional, transmitindo e promovendo o modelo de empresa, emprendemento e emprego que representa a economía social así como en ser recoñecido como axente no diálogo social.

3.1 Cafés con Aroma a Economía Social

En atención ao compromiso SEGUNDO establecido no convenio de colaboración coa Xunta de Galicia "*Difusión e visibilización da economía social*" en particular organizouse a segunda xornada de *Cafés con Aroma a Economía Social*, celebrada o 22 de Abril en Santiago de Compostela.



Ao igual que a edición anterior, consistiu na organización dun encontro entre os membros dos órganos de goberno e directivos das empresas de economía social más relevantes de Galicia. O obxectivo dos "cafés" é incrementar a identidade de empresas de economía social e analizar como os novos valores e principios poden formar parte das vantaxes competitivas e corporativas de cada empresa, así como reflexionar e implementar accións contribuíndo ao desenvolvemento do sector en Galicia.

O alto nivel dos invitados, un grupo reducido de profesionais da empresa, deata 40 persoas, fai que estas tribunas sexan un dos foros de economía social más importantes de Galicia.



O presidente do Foro, Celso Gándara e o presidente de Caixa Rural Galega foron os encargados de presentar o evento no que Francisco Conde, Vicepresidente Primeiro e Conselleiro de Economía, Industria e Innovación, da Xunta de Galicia participou co relatorio “Fondes de Recuperación: Economía circular e Comunidades Enerxéticas.

Por outra banda, o codirector xeral de Suara Serveis, cooperativa catalá que opera no ámbito dos servizos sociais. Tomàs Llompart i Coll, falou da “Gobernanza e participación nos modelos de xestión corporativos”.



A clausura correu a cargo de Covadonga Toca, directora xeral de Emprego, traballo Autónomo e Economía Social.

A acción viuse reflectida nos medios de comunicación galegos como se pode observar no Anexo I (Dossier prensa).

3.2 Impulso e formulación de proxectos nos que a Economía Social participe na economía dos coidados

Mantívose unha xuntanza doa Dirección Xeral de maiores e discapacidade e a Dirección Xeral de Familia. Acordouse que se eliminarían trabas ás cooperativas ao acceso destas convocatorias. Sobre todo nos casos de Casasniño e Casas do maior.

3.3 Grupo de traballo en Comunidades Enerxéticas

Estase a traballar na creación deste grupo de traballo de fomento das comunidades enerxéticas establecendo alianzas coas comunidades de montes, en canto se clarifique a lexislación e a participación das cooperativas agroalimentarias.

3.4

Grupo de traballo en Xestión de residuos e Economía Circular

Unha vez creado este grupo multifamilia, con vinculación coa Consellería do Medio Ambiente e establecidas alianzas entre empresas, desenvolvéronse varias xuntanzas onde se marcaron as liñas estratéxicas a seguir relacionadas co PERTE de Economía Circular; a presentación de enmendas á Lei de residuos e facer un seguimento da propia Estratexia poñendo en valor a ES e posicionándose como interlocutores.

3.5

Impulso da modificación da Rede Eusumo

En atención ao compromiso TERCEIRO establecido no convenio de colaboración coa Xunta de Galicia "*Desenvolvemento e impulso da economía social*" colaboramos coa consellería no impulso e desenvolvemento da Rede Eusumo, propoñendo unha reformulación no ámbito das Liñas de actuación, entidades beneficiarias e adheridas e o modelo de gobernanza.



As propostas expostas para cada un dos ámbitos buscan dar resposta a unha serie de retos mediante o desenvolvemento de determinadas actividades.

No ámbito das liñas de actuación cómpre compaxinar as actividades que desenvolve a Rede coas necesidades e realidades do territorio e coa Estratexia galega de ES; planificar as actividades con perspectiva de continuidade no tempo; fomentar a intercooperación entre entidades da ES; fortalecer e fomentar o desenvolvemento de proxectos de sectores estratégicos e dar soporte á creación de novos proxectos e iniciativas da ES.

No contexto das entidades beneficiarias, búscase asegurar a participación das entidades asociativas do sector da ES nas actividades realizadas pola Rede co obxectivo de evitar duplicidades e aproveitar o coñecemento do sector e ampliar a tipoloxía de entidades que poden adherirse á Rede Eusumo incluíndo a todas as fórmulas da ES.

No modelo de gobernanza é preciso incluír a visión do sector na propia xestión, coordinación, coordinación e planificación da Rede Eusumo, conseguir unha maior implicación das entidades da ES na gobernanza da Rede achegando a visión sectorial e coñecementos e xerar novos espazos de participación para fomentar a implicación das entidades do sector e a captación de novas entidades á Rede.

XESTIÓN



4. XESTIÓN DA ENTIDADE

O ForoESgal é un instrumento das entidades representativas das diferentes familias da economía social. Tal e como se apunta nos seus obxectivos busca a visibilización, representación sectorial, desenvolver o sector da economía social a través da intercooperación e a contratación pública responsable.

4.1 Implantación Microsoft Office 365

A nivel interno, implantamos o office 365 para repositorio de documentos na nube do fin de poder traballar de forma ágil e remota.

4.2 Incremento de financiamento derivado da capitalidade

A través do Convenio co Concello de Santiago increméntase o orzamento co fin de reforzar a comunicación e coordinación.

4.3 Xunta Directiva: Representación política

A través da presidencia e das dúas vicepresidencias encargáronse da execución das función de incidencia política. Ademais os membros de Xunta Directiva foron os encargados de supervisar as distintas actuacións que se realizarían de cara a un axeitado aliñamento estratéxico en xeral e dos obxectivos de incidencia política en particular. Ao longo de 2022 desenvolvéreronse 9 Xuntas Directivas.

Os xerentes das entidades asociadas conforman un órgano de asesoramento constante á Xunta Directiva e ademais aos responsables do plan de actuación do ForoESgal. Desenvolvéreronse 7 reunións xerenciais.

4.4 Equipo técnico

Composto por unha directora, un responsable económico, unha técnico contable, unha responsable de comunicación e un técnico de estudos. Formado por profesionais das diferentes organizacións representativas, unifican experiencia e capacidade para a execución das diferentes accións e o mantemento da propia entidade. Desenvolvéreronse 22 reunións entre Presidencia e Dirección.

Esta forma organizativa responde a favorecer a integración tanto de persoal técnico, como de persoal directivo e representantes políticos da economía social. Esta é a base e o abono para xerar a intercooperación no sector da economía social.

Algunhas das principais accións levadas a cabo este ano foron:

1. Proceso de planificación anual e seguimiento de cada un dos proxectos.
2. Dinamización da Xunta Directiva, Equipo de xerentes e o equipo técnico.
3. Realización das obrigas contables, fiscais, xestión de cobros e pagos, así como o relativo a xustificaciós.
4. Realización de informes e estudos, para empregarse nas accións de incidencia política e como base para as comunicacións e posicionamentos públicos.

ANEXOS

1. Dossier de prensa.

DOSSIER DE MEDIOS



ENLACES NOTICIAS

- <https://www.economiaengalicia.com/articulo/economia/galicia-suma-174-novas-empresas-economia-social/20220114185613019507.html>
- <https://www.economiaengalicia.com/articulo/economia/xunta-foroescal-colaboraran-visibilizar-economia-social/20220221194653019855.html>
- <https://www.galiciapress.es/texto-diario/mostrar/3454066/xunta-foroescal-refuerzan-colaboracion-2022-ano-santiago-sera-capital-espanola-economia-social>
- <https://fotos.europapress.es/fotonoticia/f4266030>
- <https://www.mundiario.com/articulo/eurorregion/foro-conselleria-emplego-colaboraran-visibilizar-santiago/20220221194614236675.html>
- <https://www.atlantico.net/articulo/economia/xunta-refuerza-relacion-foro-pola-economia-social/2022022200009895085.html>
- <https://www.elcorreogallego.es/galicia/roza-los-900-millones-el-impacto-de-la-economia-social-en-galicia-al-ano-GA11007265>
- <https://www.farodevigo.es/economia/2022/04/23/foroescal-cifra-cerca-900-millones-65291829.html>
- <https://www.farodevigo.es/economia/2022/05/05/aportacion-empresas-economia-social-galicia-65734106.html>
- <https://yoemprendoeneconomiasocial.com/el-impacto-de-la-economia-social-en-galicia-supera-los-850-millones-de-euros/>
- <https://www.crtvg.es/tvg/a-carta/bos-dias-fds-5648153?t=962>
- <https://www.expansion.com/empresas/2022/04/22/6262b2bde5fdea4a698b45ed.html>
- <https://www.expansion.com/empresas/2022/02/18/620fc61a468aebe87e8b465f.html>
- <https://www.mundiario.com/articulo/eurorregion/foro-ve-eleccion-santiago-como-capital-espanola-economia-social-reconocimiento-sector-galicia/20220218174130236502.html>
- https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/2022/02/19/santiago-sera-ano-capital-espanola-economia-social/0003_202202S19C2993.htm
- <https://yoemprendoeneconomiasocial.com/santiago-capital-espanola-de-la-economia-social-durante-2022/>
- https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/2022/03/01/capitalidad-economia-social-avalan-185-empresas-locales/0003_202203S1C1991.htm

<https://headtopics.com/es/foroestgal-aplaude-la-elecci-n-de-santiago-como-capital-espanola-de-la-econom-a-social-24183801>

<https://www.elcorreogallego.es/santiago/santiago-suma-una-nueva-distincion-capital-de-la-economia-social-2022-DD10464564>

<https://www.economiaengalicia.com/articulo/eventos/comision-organizadora-compostela-capital-economia-social-celebra-primerareunion/20220303193410019969.html>

<https://yoemprendoeneconomiasocial.com/la-comision-organizadora-de-compostela-capital-de-la-economia-social-celebra-su-primerareunion/>

<https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/santiago/2022/03/03/santiago-promovera-economia-social-antidoto-contra-desigualdad-social/00031646334887842470957.htm>

<https://www.europapress.es/galicia/noticia-formoso-instaxunta-ser-consecuente-activar-ayudas-sectores-afectados-alza-combustibles-20220622143802.html>

<https://www.lavozdegalicia.es/noticia/galicia/2022/06/22/formoso-defiende-economia-social-contra-declive-demografico/00031655907562566128127.htm>

<https://www.europapress.es/galicia/noticia-economia-social-ofrece-galicia-empleo-mas-estable-mejor-pagado-informe-foroestgal-20220504155656.html>

<https://www.economiaengalicia.com/articulo/informes/5-cada-100-empresas-gallegas-pertenecen-economia-social/20220504190656020609.html>

<https://www.lavanguardia.com/local/galicia/20220504/8242820/economia-social-ofrece-galicia-empleo-mas-estable-mejor-pagado-informe-foroestgal.html>

<https://www.elespanol.com/quincemil/articulos/economia/galicia-la-comunidad-donde-la-economia-social-tiene-empleos-mas-estables-y-mejor-pagados>

<https://santiagocapitaleconomiasocial.es/actualidad/La%20econom%C3%A1tica%20social%20ofrece%20empleo%20m%C3%A1s%20estable%20y%20mejor%20pagado%20en%20Galicia/>

<http://www.gentedigital.es/santiago-de-compostela/noticia/3377310/la-economia-social-ofrece-en-galicia-empleo-mas-estable-y-mejor-pagado-segun-un-informe-de-foroestgal/>

<https://www.noticiasde.es/nd/galicia/a-coruna/la-economia-social-ofrece-en-galicia-empleo-mas-estable-y-mejor-pagado-segun-un-informe-de-foroestgal/>

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/2022/05/30/3650-empresas-economia-social-dinamizan-provincia/0003_202205S30C5998.htm

